

SmarTerra

Formación científica aplicada no territorio e medioambiente dende etapas iniciais

Nesta proposta do proxecto **SmarTerra** trátase de desenvolver un **modelo educativo** integrador que combina a **participación do alumnado** en **proxectos reais de xestión e conservación ambiental** coa produción e difusión dos seus resultados científicos e a comunicación dixital a través das redes sociais, de forma que se incentiven as **vocacións científicas** dende as aulas.

OBXECTIVOS

O obxectivo xeral é promover unha **formación científica** aplicada dende **etapas educativas iniciais** que fortaleza a **conexión** entre a **mocidade** e os **retos ambientais e territoriais** do noroeste ibérico, mediante o desenvolvemento de **proxectos reais** orientados á **xestión sostible do territorio**, á **educación ambiental activa** e á **valorización do contorno local**.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS




Fomentar vocacións científicas no ámbito medioambiental e territorial mediante a participación directa do alumnado en proxectos aplicados



Vincular a educación non obligatoria con **problemáticas reais do territorio**, a través de traballos de fin de grao, de mestrado e colaboracións interinstitucionais



Reforzar a implicación cidadá e a **conciencia ambiental** mediante **estratexias educativas** participativas con experimentación directa do territorio



Uso redes sociais como **canles activos** de comunicación científica, orientados a visibilizar o proceso investigador, **fomentar o interese** da mocidade e **divulgar o valor social da ciencia**

METODOLOXÍA



FASE A: Inmersión en proxectos reais

- Obxectivo: ligar a aprendizaxe académica á práctica directa no territorio.
- Estudantes universitarios: TFG/TFM con experiencias axustadas ao currículo e aplicabilidade real.
- Alumnado de bacharelato intégrase en tarefas de observación e participación guiada, adquirindo formación vocacional e aprendizaxe experiencial.
- Enfoque en proxectos locais: conectan coñecementos da aula e necesidades da contorna.
- Xeración de aprendizaxe significativo: fomento dun compromiso co medio ambiente.

FASE B: Difusión e transferencia de resultados

- Uso combinado de canles académicas (congresos, xornadas, publicacións) e dixitais (redes sociais).
- Adaptación dos contidos a formatos visuais e accesibles para a mocidade a través de Instagram (@SmarTerra)
- Estratexia de dobre vía: impacto tanto na comunidade técnico-científica como no público xeral.
- Fomento da conciencia ambiental e posta en valor da ciencia do territorio como patrimonio común.



RESULTADOS



- **Fomento de vocacións científicas:** clara evolución positiva no interese pola ciencia e polo medio ambiente en alumnado de bacharelato, grao e mestrado; continuidade formativa en carreiras STEM e mesmo acceso a doutoramentos.
- **Mellora competencial:** incremento da capacidade para analizar datos, comprender o proceso investigador e participar en proxectos científicos; reforzo da confianza nas propias competencias.
- **Vinculación co territorio:** proxectos aplicados a problemáticas reais (incendios forestais, solos contaminados, residuos agrícolas) con utilidade práctica para prevención, restauración e planificación territorial.
- **Resultados académicos transferibles:** elaboración de artigos publicados en revistas internacionais, pósters en congresos, comunicacións científicas e manuscritos en preparación.
- **Recoñecemento externo:** participación e premios en programas educativos (p.ex. EduCaixa, presentación do proxecto na ONU).
- **Implicación cidadá e conciencia ambiental:** maior sensibilización sobre cambio climático e sustentabilidade, sentimento de corresponsabilidade e compromiso co medio.
- **Divulgación dixital:** creación e implementación do perfil en Instagram @SmarTerra como canle innovadora de transferencia e comunicación científica orientada á mocidade.